


Españolas na CARREIRA ESPACIAL




PROXECTO: *EllassonCiencia*

by QUAN ZHOU & MECUSA

SANDRA HERNÁNDEZ, DE BARCELONA, FOI PASAR UN ANO EN MIAMI CO SEU PAI



UN DÍA, SEU PAI LEVOUNA DE VISITA AO KENNEDY SPACE CENTER DO NASA



SANDRA EMPREGOUSE A FONDO PARA ACADAR A SÚA META

TRABALLABA DE CAMAREIRA...



MENTRES ESTUDABA A CARREIRA...



E ÍA COLLENDO AS PRÁCTICAS QUE PODÍA: BOEING, KENNEDY SPACE CENTER E, TRAS GRADUARSE, A NASA




HOXE, CON SÓ 24 ANOS É ENXEÑEIRA DE SISTEMAS NO BANCO DE PROBAS DO JET PROPULSION LABORATORY (JPL) DA NASA. FORMA PARTE DO EQUIPO MARS 2020, QUE LOGROU ATERRAR O ROVER PERSEVERANCE EN MARTE



PROBA DE SOFTWARE SUPERADA!

TRABALLA CONSTRUÍNDOLLO E OPTIMIZANDO O XEMELGO TERRÍCOLA DO ROVER PERSEVERANCE, O ROVER OPTIMISM, QUE SE USA PARA PROBAR NA TERRA O QUE SE FARÁ EN MARTE



NOS ÚLTIMOS ANOS DO SEU DOUTORADO, TERESA NIEVES-CHINCHILLA DABA CLASES DE TECNOLOXÍA EN SECUNDARIA EN ALCOBENDAS



Apooro ensinar as mates e a física


UN DÍA, COÑECEU A UN TRABALLADOR DA NASA



E se nos envías unha proposta para traballar na NASA?

Guau! Si! Unha nova aventura!

TRAS UN PROCESO MOI COMPETITIVO, CONSEGUIU O TRABALLO E FOI AVANZANDO ATA ACADAR UN CONTRATO PERMANENTE



TERESA É ASTROFÍSICA NO CENTRO ESPACIAL DE VOO GODDARD DA NASA, ONDE ESTUDA E INVESTIGA O SOL



É ENCARGADA DA MISIÓN «SOLAR ORBITER», QUE TENTA COMPRENDER AS EXPLOSIÓNS SOLARES MEDIANTE A OBTENCIÓN DE FOTOS DO SOL DENDE MOI PRETO PARA OBSERVAR OS SEUS POLOS POR PRIMEIRA VEZ

INVESTIGA AS EMISIÓNS DA MASA DA COROA: EXPLOSIÓNS SOLARES QUE IRRADIAN UNHA ENERXÍA ENORME, QUE TANTO XERA AURORAS BOREAIS COMA ESTRAGA SATÉLITES

TERESA DESENVOLVE MODELOS PARA PODER PREDICIR CALES SERÁN AS CONSECUCENCIAS DAS EXPLOSIÓNS E CANDO ACONTECERÁN

BEGOÑA SEMPRE SENTIU
PAIXÓN POLO CEO, A LÚA E
AS ESTRELAS



Algún día, oenoe
Vigo chegarei ás
estrelas

MALIA SER CASE A ÚNICA MULLER
QUE ESTUDABA FÍSICA E
TRABALLABA DE ASTROFÍSICA,
NON SE ARREDOU



MAIORÍA COMPIS MASCULINOS

BEGOÑA TRABALLA DE ENXEÑEIRA DE
SISTEMAS PARA O TELESCOPIO ESPACIAL
JAMES WEBB, NO CENTRO ESPACIAL DE
VOO GODDARD DA NASA

É O MEIRANDE
TELESCOPIO POSTO EN
ÓRBITA; LEVOU 25 ANOS
CONSTRUÍLO


O JAMES WEBB BUSCA
ENTENDER A EVOLUCIÓN
DAS GALAXIAS E A
EXISTENCIA DE VIDA
NOUTROS PLANETAS

BEGOÑA ASEGUROUSE DE QUE O
TELESCOPIO SOBREVIVISE AO
LANZAMENTO E DE QUE POIDA
FUNCIONAR NAS CONDICIÓNS TAN
PARTICULARES DO ESPAZO

CUN CLON DO TELESCOPIO, REALIZOU
SIMULACIÓNS NA TERRA PARA
PREDICIR O QUE PUIDESE PASAR NO
ESPAZO

COORDINA A GUÍA DO
TELESCOPIO, IMPRESCINDIBLE
PARA FOTOGRAFAR O
ESPAZO

Parecía
impensable e
aquí estou!




REFLEXIÓNS PARA AS QUE QUEREN SEGUIR A SÚA ESTRELA


Tes que buscar as oportunidades, pero tamén cómpre que te acompañe a sorte. Eu tívena e caín no sitio perfecto para min

Para xeracións anteriores de españolas era impensable traballar na NASA, pero aquí estou eu. Non me botei atrás!

É importante ver a mulleres en postos de liderado, que semelle normal e que te vexas reflectida anima a pensar que podes chegar



SANDRA



TERESA



BEGONIA

TRAS A EXPLOSIÓN DAS PRIMEIRAS ESTRELAS FORMÁRONSE OS
ELEMENTOS QUE FIXERON POSIBLE A VIDA NA TERRA,
**ASÍ QUE NON ESQUEZAS QUE ESTÁS
FEITA DE PO DE ESTRELAS**